

PROXECTO DE ORDE dode marzo de 2019, pola que se modifica parcialmente a Orde do 23 de febreiro de 2018, pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A).

No artigo 3º.2 da Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, establécese como un dos requisitos para solicitar a comisión de servizos "*ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a 60 Km da localidade de residencia*".

Vénse acreditando que, ademais da distancia, tampouco favorece a conciliación da vida familiar e laboral o ter un horario de traballo de xornada de mañá e tarde. Por iso, parece razoable modificar este precepto da orde para eximir da obrigatoriedade de ter un destino definitivo nunha localidade a unha distancia superior a 60 Km da localidade de residencia a aquel persoal docente que preste servizos nun centro educativo con xornada partida.

Pola súa vez, logo da modificación efectuada pola Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais da redacción do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a administración actuante poderá recabar ou consultar os documentos que xa se atopen en poder da dita administración ou foran elaborados por calquera outra, agás que a persoa interesada se opoña. A oposición non caberá naqueles procedementos nos que se exerzan potestades sancionadoras ou de inspección. Resulta necesario modificar, polo tanto, as epígrafes 3 e 4 do artigo 4 e mais o artigo 5 co obxecto de adecualos á modificación introducida.

Así mesmo, coa finalidade de cumprir co deber de información ás persoas afectadas establecido polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 e 11 da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, procede modificar ademais a disposición adicional primeira da Orde do 23 de febreiro de 2018.

Na súa virtude, no uso da autorización conferida pola disposición derradeira primeira do Decreto 244/1999, do 29 de xullo,

ACORDO:

Artigo único. Modificación da Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A)

Un. O artigo 3.2 queda redactado nos seguintes termos:

"2. Ter, se é o caso, destino definitivo nunha localidade a unha distancia superior a 60 Km da localidade de residencia.

Non será exixible este requisito a aquelas persoas que presten servizos nos centros de Educación Infantil, Educación Infantil e Primaria, Educación Primaria, Colexios Rurais Agrupados, Centros de Educación Especial e Centros Públicos Integrados que teñen réxime de xornada partida."

Dous. As epígrafes 3 e 4 do artigo 4 quedan redactadas nos seguintes termos:

"3. As persoas interesadas deberán presentar xunto coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) Copia do libro de familia en todo caso.
- b) Informe médico coa data probable de parto cando exista embarazo a termo final con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte a aquel no que se presenta a solicitude, no seu caso. No informe deberá constar, así mesmo, se o embarazo é simple, xemelgar ou de trillizos/as.
- c) Copia da sentenza xudicial pola que se establece a custodia compartida, no seu caso.
- d) Copia da resolución xudicial ou administrativa pola que se constitúe a adopción ou o acollemento permanente ou preadoptivo, no seu caso

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente sempre que non se modificasen as circunstancias familiares. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data da presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del."

Tres. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 5. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) Identidade da persoa solicitante ou da persoa representante
- b) Certificado de residencia da persoa solicitante

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes."

Catro. A disposición adicional primeira queda redactada nos seguintes termos:

“Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais.*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicacións institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.”

Quinto. A disposición adicional cuarta queda redactada nos seguintes termos:

“Disposición adicional cuarta. *Obriga de realizar dúas solicitudes*

O persoal docente suprimido, desprazado, o persoal funcionario de carreira en expectativa de destino, o persoal nomeado funcionario en prácticas, o persoal que superou o procedemento selectivo correspondente e está pendente de ser nomeado funcionario en prácticas e o persoal funcionario interino ao que se lle conceda unha comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral deberá realizar, ademais da solicitude de comisión de servizos, unha solicitude ordinaria.

Sexto. Modifícase o Anexo I que queda redactado nos termos en que se publica xunto con esta orde.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,de marzo de 2019

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Comisión de servizos do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e formación profesional en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral	ED010A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA			LUGAR				
CP	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Notifíquese a:	• Persoa solicitante	• Persoa representante
<p>Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.</p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.</p> <p>Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:</p>		
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DE PARTICIPACIÓN		
CONVOCATORIA		
COLECTIVO AO QUE PERTENCE		
MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN		
PROVINCIA POLA QUE PARTICIPA	PERSOAL FUNCIONARIO DOUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA	COMUNIDADE AUTÓNOMA
	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	

DATOS PARA COMISIONS DE SERVICIOS EN ATENCION A SITUACIONES DE CONCILIACION DA VIDA FAMILIAR E LABORAL				
<input type="checkbox"/> NÚCLEO FAMILIAR COMPOSTO POR UN ÚNICO PROXENITOR OU PROXENITORA				
<input type="checkbox"/> DATOS DO/A CÓNXUXE OU PARELLA (só no caso de que o/a cónxuxe ou parella sexa persoal docente para os efectos do establecido no artigo 3.4 da Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
DATOS DOS FILLOS/AS POLOS QUE SE SOLICITA A COMISION DE SERVICIOS:				
<input type="checkbox"/> EMBARAZO SIMPLE <input type="checkbox"/> EMBARAZO XEMELGAR <input type="checkbox"/> EMBARAZO DE TRILLIZOS/AS				
<small>(A TERMO FINAL CON ANTERIORIDADE AO MES DE MARZO DO ANO SEGUINTE A AQUEL NO QUE SE PRESENTA A SOLICITUDE)</small>				
DATA PROBABLE DE PARTO:				
DATOS DO FILLO/A 1				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO
DATOS DO FILLO/A 2				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO
DATOS DO FILLO/A 3				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO

DEREITOS PREFERENTES	
CENTRO DE DEREITO PREFERENTE	EXERCE DEREITO PREFERENTE A CENTRO SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
LOCALIDADE DE DEREITO PREFERENTE	EXERCE DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
ZONA DE DEREITO PREFERENTE	EXERCE DEREITO PREFERENTE A ZONA SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
TEN DEREITO A VACANTES DA ESO Á PARTE DAS DE PT OU AL	

HABILITACIONES DE IDIOMA

HABILITACIONES (PARA OS EFECTOS DESTE CONCURSO)

PREFERENCIA DE ESPECIALIDADES EN PETICIÓN EN CASO DE OFICIO (aplicable ao corpo de mestres)

PETICIÓNES						
NÚMERO	CENTRO/ LOCALIDAD E(só en secundaria e mestres)	Chave Vacante (só en Relixión)	ESPECIALID ADE	LINGUA	AFÍN	ITINERANTE
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
26						
27						
28						
29						
30						
31						
32						
33						
34						
35						

36						
37						
38						
39						
40						
41						
42						
43						
44						
45						
46						
47						
48						
49						
50						
...						
1000						

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que reúne os requisitos esixidos na orde pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fora necesario.
3. Que convive cos fillos/as polos que solicita á adscrición de forma temporal en comisión de servizos e non convive con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal se a solicitude se formula por pertencer a un núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
<input type="checkbox"/> Informe médico coa data probable de parto cando exista embarazo a termo final con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte a aquel no que se presenta a solicitude (se é o caso). No informe debe constar se o embarazo é simple, xemelgar ou de trillizos/as.			
	ÓRGANO	COD.PROC	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia			
<input type="checkbox"/> Copia da sentenza xudicial pola que se establece a custodia compartida			
<input type="checkbox"/> Copia da resolución xudicial ou administrativa pola que se constituía a adopción ou o acollemento permanente ou preadoptivo			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
<input type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="radio"/>
<input type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="radio"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de residencia da persoa solicitante	<input type="radio"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (DOG n° 48, do 8 de marzo)
Orde do....de... de 2019 pola que se modifica parcialmente a Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros docentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (DOG n°..., do ...)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE							
Lugar e data							
	,		de		de		

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos